ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP de REBORDÁNS
NIVEL: 2º ED. PRIMARIA
MATERIA: PLÁSTICA
MESTRA: NEREA CASTRO ROA
DATA: 12 MAIO 2020

ÍNDICE

1.- Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e Competencias Clave.

2.- Avaliación e cualificación.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

4.- Información e publicidade.

PROGRAMACIÓN ED. PLÁSTICA (3º Trim.) 2º E.P. CURSO 2019-20

1.- Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e Competencias Clave.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.	■ EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	CCEC CCL
■ B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.	■ EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.	CCL CCEC
	■ EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	CCL CCEC
■ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	■ EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.	CCL CCEC
	■ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	CCEC
■ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	■ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.	CCL CCEC
■ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	■ EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	CCEC CAA
■ B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	■ EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	CCEC CAA
	■ EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	CCEC CAA
	■ EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaas con sentido nas súas obras.	CCEC CAA

	■ EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.	CCEC CAA
■ B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	■ EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.	CCEC
■ B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	■ EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	CCEC CAA
■ B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.	■ EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	CCEC CAA
	■ EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.	CCEC CAA
	■ EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	CCEC CAA
■ B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana.	■ EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	CCEC CMCCT
■ B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	■ EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	CCEC CD
■ B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	■ EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	CSC
■ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	■ EP2.8.1. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	CSC

2.- Avaliación e cualificación.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	Procedementos: Revisión das tarefas do alumnado, ou de imaxes das mesmas.
	Instrumentos: Listas de control e rúbricas.
CUALIFICACIÓN FINAL	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Dado que é avaliación continua., conservarase a cualificación acadada no segundo trimestre tendo en conta a evolución dende o inicio de curso. O traballo realizado no 3º trimestre terá coma finalidade o repaso do 1º e 2º trimestre, e unicamente poderá mellorar a nota ou, de ser caso, recuperar a asignatura.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	
ACTIVIDADES	Proposta de actividades de repaso e reforzo. Fichas con exercicios, láminas creativas para a aplicación das técnicas aprendidas e manualidades realizadas con diferentes materiais e técnicas.
METODOLOXÍA (alumnado con e sen conectividade)	As actividades súbense á Aula Virtual do centro. A mestra proporciona un correo electrónico de contacto a onde o alumnado envía as tarefas, e dende onde a mestra contacta co alumnado para transmitirlle as correccións. Para suplir os problemas de conectividade, as tarefas entregáronse ás familias en soporte impreso.
MATERIAIS E RECURSOS	Material funxible de ed. artística e de refugallo.

4.- Información e publicidade.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	Procedementos: Infórmase ás familias e ao alumnado a través da web do centro e do blog de Plástica. Contáctase con elas a través da aplicación Abalarmóbil, por correo electrónico e telefonicamente.
PUBLICIDADE	Instrumentos: A través da páxina web do centro e da aplicación Abalarmóbil.

MAIO 2020